

Pontevedra, 14 de maio de 2020

### Apreciadas e apreciados deportistas e entidades deportivas:

Estamos a vivir momentos moi complexos que obrigan o mundo do deporte a mudar as súas formas de vida e de traballo. As e os deportistas estades a sufrir fortes presións físicas e emocionais.

Somos conscientes das incertezas, tanto deportivas coma económicas, que tedes os clubs nesta temporada truncada, das dificultades que para calquera deportista supón adestrar en espazos reducidos, inadecuados e con escasos recursos e, como non, do desalento que para todas e todos os deportistas olímpicos representa unha medida tan extraordinaria coma o aprazamento das Olimpíadas de Tokio.

Por iso, queremos transmitirvos o noso compromiso de continuar co desenvolvemento de programas deportivos e liñas de subvencións como forma de afianzar e fomentar o deporte activo na nosa provincia, e dicirvos, unha vez máis, que as políticas deportivas seguen a ser unha prioridade para nós.


A nosa aposta pasa por aprobar máis de 3.000.000 de euros para paliar as necesidades de liquidez, xestión e acción que tedes os clubs a través de liñas de subvención ás que todos e cada un de vós poderedes concorrer: clubs federados (tanto de categoría superior coma inferior á nacional), clubs náuticos, equipos que compiten en preferente, de elite e, como non, as nosas promesas do deporte e deportistas consolidados.

Por iso, aprobamos estas liñas de axuda, aínda que os prazos de presentación están suspendidos, para que poidades ir revisándoas e preparando a documentación necesaria para a súa presentación e tramitación inmediata en canto se levante o estado de alarma.

Podedes ampliar a información accedendo a elas en <https://www.depo.gal/temas-deportes> ou contactando co Servizo de Deporte a través de [deportes@depo.es](mailto:deportes@depo.es).

Por último, queremos expresaros o noso entusiasmo polo labor fundamental que ano tras ano estades a desenvolver dentro do tecido social da nosa provincia. Un respecto e entusiasmo que, con seguridade, comparte toda a cidadanía desta provincia.

Quedamos á vosa disposición. Grazas por cada pequeno e grande esforzo, polo voso compromiso e polo voso entusiasmo diario.



M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego  
Presidenta Deputación de Pontevedra



Gorka Gómez Díaz  
Deputado Delegado de Deportes